

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OLEIROS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA MARXE DEREITA DA ESTRADA AC-173, TREITO URBANIZACIÓN RIALTA -PAZO DE ARILLO-LOURIDO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co concello de Oleiros o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Oleiros para a construción dunha senda peonial que dea continuidade ó itinerario peonil e ciclista na marxe dereita da AC-173 e recuperar o espazo para continuar un percorrido seguro que conecte os treitos existentes para mellorar a mobilidade e continuidade da veciñanza dende a Ría do Burgo ata Mera ampliando os 7,15 km de infraestrutura ciclista dos que dispón o concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha



subvención ao Concello de Oleiros ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

